




Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

MEMORIA ANUAL
CIM DE SOUTOMAIOR
ANO 2008

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias	<p>MAÑAS : Luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.</p> <p>TARDES: Martes, Mércores e Xoves de 17:00 a 19:30 horas.</p> <p style="text-align: center;">HORARIO DE VERÁN:</p> <p>MAÑÁS: Luns a venres de 9:00 a 14:00 horas</p> <p>TARDES : martes de 17:00 a 19:30 horas.</p>
Días e horario de asesoramento xurídico	<p>VENRES : 9:00 a 14:00 horas.</p> <p>MARTES ; 19:30 A 20:30 horas.</p>
Días e horario de atención psicolóxica	<p>XOVES: De 9:00 a 14:00 horas.</p> <p>LUNS: De 12:00 a 14:00 horas.</p>

1. **ACTIVIDADES:** (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	<div style="text-align: center;"> <p>“ O meu momento ”</p> <p>OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE RELAXACIÓN E CONTROL DO ESTRÉS.</p> </div> 									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE MARTES 10:30 A 12:00 HORAS. DE FEBRERO, MARZO E ABRIL. 14 / 02 / 2008 – 10 / 04 / 2008									
Núm. de horas	1: 30 HORA/SEMANA TOTAL : 12 HORAS									
ÁREA :	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
ÁREA :	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL , LECER E TURISMO.									
Núm. de participantes										
HOMES	1									
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	11									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	3	40-50:	3	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO E ARREDORES.									
Descrición do contido da actividade										
<p>A actividade ten coma principais obxetivos os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manexar e controlar a influencia da ansiedade nas nosas vidas mediante a práctica de exercicios de relaxación, técnicas de meditación e hipnóticas. - Equilibrar o noso corpo e a nosa mente, manexando o paso da acción ó relax - Empregar a música e o movemento como vehículo de expresión de emocións. - Manexar a relaxación como ferramenta para mellorar o nosos descanso. <p>O contido do obradoiro íase adaptando as demandas e as características do grupo formado. As sesións contaban con dúas partes fundamentais, por un lado, uns 20 minutos onde se facían introduccións teóricas ou dinámicas grupais para traballar sobre a temática principal do obradoiro: a ansiedade, os seus efectos e como controlala; e unha segunda parte onde se traballaban diferentes exercicios e dinámicas para inducir a relaxación. Finalmente rematábanse tódalas sesións cunha técnica de relaxación na colchoneta.</p>										

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A actividade tivo unha acollida positiva entre o grupo, formado por xente de idades diferentes e con obxetivos e expectativas acerca do obradoiro moi diversas. As sesións desenroláronse con unha afluencia óptima de xente, soamente se produciu unha baixa de asistencia no obradoiro , e a asistencia media foi de 9 persoas por sesión.


O clima foi moi participativo tanto nos debates, coma nas dinámicas grupais, aumentando a calidade da relaxación a medida que avanzaban as sesións e as participantes ían exercitándose.

As actividades propostas en horario de mañá , ó longo do inverno , dan resposta a un grupo da poboación, demandante dunha maior actividade de accións formativas e de ocio nas mañás .

do público asistente

Ó final da actividade pasamos un test de Auto-evaluación , para que os asistentes poidan reflexar de xeito anónimo as súas opinións e avaliacións do obradoiro . Os resultados medios obtidos son os seguintes:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade	8.75
ITEM 2: Aprendín cousas que me axudan a relaxarme	9.20
ITEM 3: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas	10
ITEM 4 : Nunha escala do 1 o 10, no que o 1 significa que non coñezo ningunha forma de relaxarme e o 10 significa que coñezo moitas formas para conseguilo	7.5
ITEM 5: Sentínme satisfeitas coa monitora do obradoiro	10



Entre os aspectos máis valorados do curso, sinalan o ambiente grupal e as técnicas practicadas na colchonetas. Entre os aspectos a mellorar , solicitan unha maior duración da actividade.


Identificación da actividade	<p style="text-align: center;">OBRADOIRO DA RISA.</p> 									
Lugar e datas de realización	5, 12 E 26 DE MARZO E 2, 9, 16 , 23 DE ABRIL. HORARIO: MÉRCORES DE 17:30 A 19:00 HORAS.									
Núm. de horas	10 horas e media.									
ÁREA :	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
ÁREA :	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL , LECER E TURISMO.									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	13									
por idade	<18:	0	18-30:	3	30-40:	6	40-50:	2	> 50:	2
PÚBLICO OBXECTIVO	PERSOAS DO CONCELLO E ARREDORES .									
Descrición do contido da actividade										
<p>A actividade desenrolouse ó longo se sesións de hora e media de duración, unha vez a semana, onde os asistentes facían diferentes exercicios e dinámicas, co principal obxectivo de ter a ocasión de practicar a risa, exercitar o seu funcionamento e descubrir os seus beneficios.</p> <p>As sesións acompañábanse de pequenas dinámicas teatrais, onde as participantes traballaban a expresión de emocións , e a perda do sentido do ridículo e do humor, ferramentas fundamentais para un satisfactorio desenrolo emocional e afectivo.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>O obradoiro desenrolouse cun clima moi positivo e distendido , algunhas das participantes , xa estiveran na edición anterior deste mesmo obradoiro, realizada polo CIM no ano 2007.</p> <p>As sesións contaron sempre cun alto índice de asistencia, e aínda que o grupo inicial non era moi grande, unhas 11 persoas, a continuidade e cosntancia na asistencia das participantes , fixo que se mantivese un grupo marcado pola conexión , a comodidade e a gran participación nas dinámicas.</p> <p>O obradoiro finalizou cun posado de fotos de carácter cómico ,por parte dos participantes e do monitor, que remataron colgadas na páxina Web do Concello.</p> <p>Foi unha actividade moi dinamizadora, onde se achegaron o CIM persoas novas que descoñecían o servizo existente.</p>										


do público asistente

O público mostrouse en todo momento satisfeito coa actividade , como reflexaban nos comentarios que facían o equipo do CIM , cando saían da actividade.

Finalizado o obradoiro pasóuselle un test de Auto-evaluación a cada unha das participantes para que reflexasen as súas opinións sobre o obradoiro:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade	9.85
ITEM 2: Aprendín cousas que me axudan a relaxarme e a rir	8.50
ITEM 3: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas	9.30
ITEM 4: Sentínme satisfeitas coa monitora do obradoiro	10



Identificación da actividade		CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER , 8 DE MARZO: <ul style="list-style-type: none"> - REPARTO DE AGASALLOS. - CONTACONTOS INFANTIL - TEATRO. 								
Lugar e datas de realización	CIM SOUTOMAIOR. 7 DE MARZO DE 2008. DE 9 A 22:30 H.									
Núm. de horas	12 H.									
ACTIVIDADE 1:	REPARTO DE AGASALLOS CONMEMORATIVOS									
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL									
Núm. de participantes										
HOMES	20									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	2	40-50:	15	> 50:	3
MULLERES	310									
por idade	<18:	5	18-30:	25	30-40:	120	40-50:	76	> 50:	84
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR									
Descrición do contido da actividade										
<p>As celebracións co gallo do Día da muller, sucedéronse ó longo de toda a xornada no Centro Multiusos , onde está ubicado o CIM .</p> <p>REPARTO DE AGASALLOS: Como se ven facendo dende fai varios anos o CIM quere conmemorar este día , cun agasallo simbólico a tódalas mulleres que se pasen por aquí ó longo do día. Este Ano o agasallo consistía , na xa tradicional flor de color violeta, e un marcapáxinas e libreta decorado como cada ano cunha obra pictórica dunha artista do Concello e unha poesía da mesma.</p>										
ACTIVIDADE 2:	CONTACONTOS INFANTIL									
ÁREA:	EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.									
Núm. de participantes										
HOMES	23									
por idade	<18:	18	18-30:	3	30-40:	2	40-50:		> 50:	
MULLERES	17									
por idade	<18:	10	18-30:	1	30-40:	4	40-50:	2	> 50:	
PÚBLICO OBXECTIVO	NENAS E NENOS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR									

Descrición do contido da actividade										
<p>As 18:00 horas , celebrouse no Centro Multiusos , unha actividade para os máis pequenos, <u>"Contacontos da Igualdade"</u>. A esta actividade estaban invitados tódolos colexios do Concello, e o público en xeral . Achegáronse uns 40 nenos e nenas de diferentes idades e algúns pais , nais , avós e avoas.</p> <p>A actividade desenvolveuse nun clima moi participativo e lúdico por parte dos máis pequenos e cunha boa acollida da actividade entre o público en xeral.</p>										
ACTIVIDADE 3:		ACTUACIÓN TEATRAL								
ÁREA:		PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL								
Núm. de participantes										
HOMES	20									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	2	40-50:	15	> 50:	3
MULLERES	35									
por idade	<18:	5	18-30:	6	30-40:	14	40-50:	3	> 50:	7
PÚBLICO OBXECTIVO		POBOACIÓN EN XERAL								
Descrición do contido da actividade										
<p>As 21:30 Comezou a Obra de teatro <u>" Igualdade dende as táboas"</u>, unha obra que ten coma principal reivindicación denunciar as situacións de desigualdade de oportunidades e de discriminación sexista que nos atopamos na sociedade actual, todo isto tratado dende un punto de vista cómico e lúdico, facendo partícipe o público destas situacións.</p> <p>As diferentes situacións que se representan na actuación, van acompañadas da lectura dun texto reflexivo , coa intención de potenciar a sensibilización cá igualdade.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A Celebración foi adquirindo protagonismo a medida que a Xornada do Venres día 7 de Marzo ía avanzando. Dende primeira hora da mañá comezaron a pasar mulleres polo CIM e n busca do seu agasallo, grupos de mulleres que viñan de levar os nenos o colexio, a media mañá grupos de mulleres que facían o descanso no traballo,...ó longo de toda a mañá e pola tarde pasaron unhas 280 mulleres polo CIM , converténdose en moitos momentos en centro de reunións .</p> <p>A media tarde chegou a hora dos máis pequenos, uns 40 nenos cos seus pais e nais , chegaron para asistir o contacontos, que se prolongou durante unha hora e media. Foi unha actuación moi divertida e tremendamente participativa, onde a xente se mostrou moi animada.</p>										

As 21:30 dou comezo a obra de teatro, aproveitando moitas mulleres a recoller o seu agasallo , despois da súa xornada laboral.

Unhas 45 persoas asistiron a función teatral, que se caracterizou polo sentido do humor combinado co sentido crítico e de denuncia social.

A valoración por parte do equipo do CIM é moi positiva, en primeiro lugar pola gran afluencia de xente que se repartiu ó longo da xornada, e segundo polos sectores de público tan diverso e variado ós que chegou a celebración deste día.

do público asistente


As asistentes mostráronse moi satisfeitas co tema dos agasallos repartidos , e coa idea de que ó longo do Día se fosen salteando as celebración do Día da Muller.


O contacontos foi un éxito rotundo, segundo comentaban as nais e os pais a saída do espectáculo, mostráronse moi receptivos con que as actividades da Celebración se centrasen en tódolos colectivos e en público de todas as idades.



Identificación da actividade	CHARLA –COLOQUIO: “ INFORMACIÓN SOBRE A VACINA DE CÁNCER DE CUELLO DE ÚTERO”.								
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALA 2 XOVES 10 DE ABRIL 19:00 HORAS.								
Núm. de horas	2 horas								
ÁREA	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR.								
Núm. de participantes									
HOMES	0								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
MULLERES	14								
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:	9	40-50:	4	> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL								
Descrición do contido da actividade									
<p>Unha médica da Asociación española contra o Cancro, deu unha charla-coloquio para informar sobre a vacina de cancro de cervix, os seus efectos, os casos onde é recomendable e as idades as que vai ser subvencionada, etc,....</p> <p>Unha vez rematada a exposición do tema , abriuse o turno de preguntas para que as participantes puidesen resolver as súas dúbidas.</p>									
Valoración da actividade desenvolvida									
da entidade organizadora									
<p>Os participantes na charla estaban moi interesados na temática, de feito, algúns deles solicitara información no CIM. Unha vez rematada a exposición da doutora , abriuse un debate moi participativo e enriquecedor, onde as participantes mostráronse activas aproveitando moi ben toda a información aportada.</p>									
do público asistente									
<p>O final da charla as participantes puntúan do 1 o 10 o interese , utilidade e satisfacción que lle provocou a charla-coloquio, mediante unhas papeletas que se lle entregan a súa chegada.</p> <p>A puntuación media obtida polas participantes foi dun <u>8,2.</u></p>									

Identificación da actividade	CONTACONTOS DA IGUALDADE ACTIVIDADE DO 1º SEMESTRE DO SGI									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALÓN DE ACTOS. VENRES, 25 DE ABRIL . 18:30 HORAS									
Núm. de horas	45 minutos.									
ÁREA	SENSIBILIZACIÓN E COEDUCACIÓN									
Núm. de participantes										
HOMES	22									
por idade	Menores 18:	17	18-30:	3	30-40:	2	40-50:		> 50:	
MULLERES	25									
por idade	Menores 18:	14	18-30:	2	30-40:	9	40-50:		> 50:	
PÚBLICO OBXECTIVO	NENOS E NENAS DO CONCELLO.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Durante unha hora, os nenos gozan dunha actuación en directo dun contacontos, onde se acompaña a teatralidade, e a educación en igualdade, transmitida a través da narrativa dos contos.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A actividade tivo unha boa acollida, e mostrouse interés por parte da xente. O público dificultou seriamente o traballo da contacontos, porque as veces facían moito ruído, e había entre os compoñentes do público menores de 4 anos, que como é normal, se mostraban inquedos e favorecían as interrupcións.</p>										
do público asistente										
<p>O público estivo moi receptivo e solicita que se sigan facendo actividades , dentro desta franxa de idade , posto que é dalgunha forma , o entretemento dos menores, tamén favorece os adultos.</p>										

Identificación da actividade	<div style="text-align: right;">  </div> <p style="text-align: center;">CHARLA –COLOQUIO: “ SEXUALIDADE E MULLER”</p>									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALA 2 MÉRCORES 14 DE MAIO 19:00 HORAS									
Núm. de horas	2:30 horas.									
ÁREA	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR.									
Núm. de participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	13									
por idade	<18:		18-30:	5	30-40:	3	40-50:	2	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	Poboación en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Esta charla-coloquio ten coma principal obxectivo informar sobre a evolución da sexualidade da muller ó longo do ciclo vital, os seus cambios madurativos e como afrontalos.</p> <p>A actividade desenvólvese dende un principio con moito dinamismo, con exercicios grupais e dinámica para introducirmos na temática. Posteriormente abriuse un clima de debate e de preguntas sobre diferentes aspectos da sexualidade feminina e sobre os métodos anticonceptivos.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A valoración da actividade é moi positiva. A monitora da charla fixo que se crease un clima de moito dinamismo e participación, o que animou a xente a implicarse no debate.</p> <p>O equipo do CIM mostrouse satisfeito coa afluencia de xente, posto que as veces, é difícil acadar que a xente participe en actividades relacionadas con temas de sexualidade. Foi unha introducción positiva, para desenvolver proxectos futuros con esta temática.</p>										
do público asistente										
<p>O final da charla as participantes puntuán do 1 o 10 o interese , utilidade e satisfacción que lle provocou a charla-coloquio, mediante unhas papeletas que se lle entregan a súa chegada.</p> <p>A puntuación media obtida polas participantes foi dun <u>9,5</u>.</p>										


Identificación da actividade	<p style="text-align: center;">III CURSO DE COSMÉTICA E REMEDIOS NATURAIS.</p> 									
Lugar e datas de realización	BAIXO PRAZA DE ABASTOS, ARCADE. 21,28 DE MAIO 4,11,18 DE XUÑO 2008									
Núm. de horas	10 H.									
ÁREA:	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR.									
ÁREA:	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN.									
Núm. de participantes										
HOMES	1									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	1
MULLERES	16									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	12	40-50:	4	> 50:	0
PÚBLICO OBXECTIVO	INTERESADOS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E ARREDORES.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Obradoiro de adquisición de coñecementos básicos sobre os elementos naturais e o seu aproveitamento para a cosmética natural. Aprendeuse a identificar diferentes tipos de plantas medicinais mediante manuais e pola observación directa, os seus posibles usos e as súas aplicacións.</p> <p>As sesións compoñesen de clases teóricas con leccións prácticas , e de saídas o campo para poder recoñecer e colectar as herbas dentro dun entorno natural.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>Actividade de interese xeral, de lecer, sinxela na súa organización e moi interesante para o público participante. Acollida positiva no público polo carácter práctico e activo do obradoiro, ademais de pola temática do aproveitamento natural, moi cercano os intereses da poboación .</p> <p>Este ano é a terceira edición deste Obradoiro , que ten unhas participantes incondicionais que acudiron a tódalas edicións, e atraen tamén a novas participantes interesadas.</p>										


do público asistente

Boa acollida por parte do público. Recepción de moitas solicitudes de participación no obradoiro. Nunha primeira fase, valoración moi positiva das alumnas que se amosan moi satisfeitas tanto cos contidos como coa monitora encargada de impartilos. Bo ambiente de grupo que valoran como importante a nivel persoal e social.

Os resultados do test de auto-avaliación cubertos polas participantes no obradoiro son os seguintes:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade ----- 9.5
ITEM 2: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas ----- 9
ITEM 3: Sentinme satisfeitas coa monitora do obradoiro ----- 10
ITEM 4: Nunha escala do 1 0 10 , no que o 1 implica que os coñecementos aprendidos son pouco aplicables na túa vida, e o 10 e que son moi aplicables na vida cotián ¿Onde situarías as cousas?
-----7.6




Identificación da actividade	<i>CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS.</i> 									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALA 2 LUNS 7,14,21,28 DE ABRIL E 5 DE MAIO HORA: 16:15 A 20:15.									
Núm. de horas	20 horas.									
ÁREA:	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	13									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	9	40-50:	2	> 50:	
PÚBLICO OBXECTIVO	Mulleres e poboación adulta en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>O curso de Primeiros auxilios é un curso enmarcado na área de formación das actividades do CIM. O obxectivo fundamental do curso é capacitar os alumnos para desenvolver correctamente a súa actuación ante unha urxencia, facilitando a adquisición de coñecementos , así como o nivel adecuado de formación, en canto os contidos propios do curso. E capacitar de pautas de actuación básicas para posibles situacións de emerxencia.</p> <p>O curso realizouse estruturado en 9 módulos diferentes que se impartiron ó longo de cinco sesións de 4 horas de duración, por diferentes docentes.</p> <p>Dotouse a cada alumno do material didáctico preciso para a realización do curso, e as clases dividíronse en clases teóricas e clases prácticas.</p>										
da entidade organizadora										
<p>A actividade realizouse cunha boa e constante asistencia de xente, e as clases desenvolvéronse dun xeito dinámico, onde os alumnos combinaban a realización de prácticas directas cos contidos teóricos, aportando así unha visión global da temática a tratar.</p> <p>O curso tivo unha boa acollida, posto que é unha formación complementaria demandada para moitos postos de traballo de áreas diversas.</p>										


do público asistente

Unha vez rematado o curso , pasóuselle un tes de auto-avaliación os alumnos para que avaliasen diferentes aspectos da actividade. Estes son os resultados:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade para a vida persoal e profesional ----- 9.5
ITEM 2: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas ----- 8.8
ITEM 3: Nunha escala do 1 o 10, no que o 1 implica que non teño apenas coñecementos para facer fronte a unha situación de emerxencia, e o 10 significa que teño todas as ferramentas precisas no campo dos primeiros auxilios. ¿onde situarías as cousas? ----- 8
ITEM 4: Sentinme satisfeitas coa monitora do obradoiro ----- 9,4




Entre os aspectos máis destacados do curso as alumnas destacaron a seguridade que lle proporciona coñecer as ferramentas básicas para poder actuar ante unha situación de emerxencia, e demandaron máis accións formativas da área de sanidade.

Identificación da actividade		MAÑÁS SAUDABLES: TAI -CHI									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. MARTES E VENRES 10:00 A 11:00. MESES DE XULLO E AGOSTO.										
Núm. de horas	20 horas.										
ÁREA:	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR										
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO .										
Núm. de participantes											
HOMES	1										
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	1	> 50:		
MULLERES	15										
por idade	<18:		18-30:	3	30-40:	6	40-50:	5	> 50:	1	
PÚBLICO OBXECTIVO	Poboación en xeral.										
Descrición do contido da actividade											
<p>Ó longo dos meses de verán programouse unha actividade para ás horas da mañá có obxectivo fundamental de manter activa a xente e fomentar o deporte. A actividade realizábase durante dous días a semana , no Centro Multiusos de Arcade ou na Carballeira do Peirao ó aire libre dependendo do clima.</p> <p>As clases dunha hora de duración traballaban sobre aprendizaxe de técnicas de Tai Chi e diferentes exercicios para fomentar a conexión co nosos corpo , a relaxación e a coordinación.</p>											
Valoración da actividade desenvolvida											
da entidade organizadora											
<p>A actividade desenvolveuse con normalidade e boa afluencia de xente, foi unha novidade respecto a outros anos, posto que os meses de verán estaban case sempre sen actividades continuadas.</p> <p>Foi unha actividade especialmente dinamizadora para ó Centro , porque debido as datas e o horario , animou a participar a un público que polo traballo ou o horario, noutros momentos do ano ten serias dificultades para participar nas actividades.</p>											
do público asistente											
<p>As participantes valoraron positivamente a actividade, e solicitaron ampliala de cara ó inverno.</p> <p>A gran maioría das participantes comentaron que era a primeira vez que tiñan oportunidade de realizar esta actividade e consideraron moi apropiado o tipo de exercicio suave que se practica no Tai Chi.</p>											

Destacamos a puntuación obtida nos test de avaliación respecto as expectativas, posto que todas comentaron que o Obradoiro superou con creces o que tiñan pensado.

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade ----- 9,6
ITEM 2: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas ----- 10
ITEM 3: Aprendín cousas que me axudaron a sentirme ben ----- 9,6
ITEM 4: Sentinme satisfeitas coa monitora do obradoiro ----- 10




Identificación da actividade	CURSO DE INICIACIÓN Á MASAXE								
Lugar e datas de realización	1,8,15,20 E 29 DE OUTUBRO. HORARIO: MÉRCORES DE 18:00 A 20:00 HORAS.								
Núm. de horas	10 horas								
ÁREA :	SAÚDE , DEPORTE E BENESTAR								
ÁREA:	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN.								
Núm. de participantes									
HOMES	2								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
MULLERES	17								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	PERSOAS DO CONCELLO E ARREDORES .								
Descrición do contido da actividade									
<p>A actividade desenrolouse ó longo de sesións de dúas horas de duración, unha vez a semana, onde os/as asistentes aprenderon distintas técnicas de masaxes ó longo de todo o corpo.</p> <p>O principal obxectivo foi que os/as participantes aprendesen técnicas útiles para a vida cotiá, para aquelas pequenas molestias ou dores menores que non requiran a asistencia médica ou profesional, e incluso poder axudar con elas a persoas do seu entorno.</p> <p>As sesións distribuíronse en:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. masaxe na columna cervical, pescozo e membros superiores I. 2. masaxe na columna cervical, pescozo e membros superiores II. 3. masaxe na columna dorsal e lumbar. 4. masaxe na membros inferiores. 5. repaso de dúbidas e entrega ó alumnado de material didáctico do aprendido. 									
Valoración da actividade desenvolvida									
da entidade organizadora									
<p>O obradoiro desenrolouse cun clima moi positivo e distendido , a maioría das participantes, solicitaron a continuación deste curso cun segundo modulo mais avanzado.</p> <p>As sesións contaron sempre cun alto índice de asistencia, e constancia das/os participantes ,que fixo se mantivese un grupo marcado pola conexión , a comodidade e a gran participación.</p> <p>Foi unha actividade moi innovadora, onde se achegaron o CIM persoas novas que descoñecían o servizo existente.</p>									


Do público asistente


O público mostrouse en todo momento satisfeito coa actividade, como reflexaban nos comentarios que facían o equipo do CIM, cando saían da actividade, sobre todo solicitando un segundo curso máis avanzado ou de máis longa duración. A valoración feita á profesora tamén foi moi satisfactoria.

Finalizado o obradoiro pasóuselle un test de Auto-evaluación a cada unha das participantes para que reflexasen as súas opinións sobre o obradoiro:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade ----- 8.15
ITEM 2: O contido do obradoiro cubriu as miñas expectativas ----- 8.5
ITEM 3: Sentínme satisfeitas coa monitora do obradoiro ----- 9.30



Identificación da actividade	 <p style="text-align: center;">EXCURSIÓN : “ UN DÍA PARA NÓS”.</p>									
Lugar e datas de realización	20 DE SETEMBRO SOUTOMAIOR- OURENSE- TERMAS DA CHAVASQUEIRA.									
Núm. de horas	10 horas									
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO.									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	102									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	5	40-50:	19	> 50:	78
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO									
Descrición do contido da actividade										
<p>Salida pola mañá de Soutomaior cara Ourense, donde se podrá visitar: A Catedral, As fontes de augas termais coñecidas por As Burgas, e O Casco antigo da cidade, A ponte Medieval e a Ponte Vella, etc. tamén poderán disfrutar das Termas da Chavasqueira durante hora e media. Almorzo e pola tarde visita de Allariz, declarada Conxunto Histórico Artístico.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
Da entidade organizadora										
<p>A actividade foi un éxito rotundo , máis dun centenar de mulleres de diferentes parroquias animáronse a participar na iniciativa, moitas de elas comentaban ser a primeira vez que viaxan de xeito independente, sin as súas familias. A idade das asistentes foi principalmente a partir dos 50 anos cara adiante.</p> <p>O transcurso da saída desenvolveuse nun clima festivo e lúdico, e cunha gran participación nas actividades termais.</p>										
Do público asistente										
<p>As mulleres valoraron o aspecto innovador da iniciativa, o bó clima ó longo do día pasado en Ourense, e a calidade das actividades termais, apostaron por desenvolver novas actividades de este tipo dende o CIM , por ofrecer un ocio alternativo e capacidade de mobilidade a algunhas persoas que doutro modo terían serías dificultades para poder viaxar.</p>										

Identificación da actividade	<p style="text-align: center;">CURSO DE ARTE PARA A SAÚDE</p> 									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE.									
Núm. de horas	1 GRUPO DE 3 H. SEMANAIS									
ÁREA:	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO									
Núm. de participantes										
HOMES	3									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	1	40-50:		> 50:	
MULLERES	17									
por idade	<18:	0	18-30:	6	30-40:	4	40-50:	4	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	Mulleres e poboación en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>A finalidade do obradoiro é que a través do proceso creativo con diferentes técnicas plásticas, a persoa reflexione acerca dos seus procesos internos, sentimentos e emocións, traballando a autoestima e o descubrimento das propias capacidades e habilidades de expresión.</p> <p>Trátase tamén de fomentar unha instancia para o diálogo e o encontro con outras persoas a través do proceso creativo en grupo.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Potenciar o estado de saúde e benestar da persoa a través do traballo creativo. - Posibilitar o descubrimento persoal de procesos internos. - Desenvolver a autoestima e a capacidade de expresión. - Experimentar con distintas técnicas plásticas. - Promover instancias de diálogo e encontro. 										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>O obradoiro contou cunha gran calidade profesional, as alumnas adaptáronse rapidamente ó curso e a súa dinámica e aproveitaban dun xeito moi intenso as sesións semanais, ademais contaban con traballos para a casa que realizan, segundo non informaba o monitor con gran calidade e regularidade.</p>										

A entidade consideramos que foi unha actividade enriquecedora para a oferta do CIM polo seu carácter innovador, por favorecer o traballo individual e grupal das súas participantes.


Unha vez finalizado o obradoiro, as alumnas organizaron unha exposición para compartir os traballos realizados co público. Esta oportunidade de expoñer os seus traballos é valorado como outro aspecto a destacar positivamente desta actividade.

O día da inauguración entregouse a todas as participantes un DVD con imaxes do traballo realizado ó longo do curso o que foi moi valorado. Posteriormente colgouse na Web expresión .

do público asistente

As asistentes valoraron excelentemente a actividade, comentando que superou as expectativas iniciais que moitas delas tiñan sobre o obradoiro, o clima foi positivo e a participación moi continuada. Esta actividade foi unha das que acadou que o grupo se mantivese sen baixas dende o principio ata o final da actividade o que reflexa claramente o resultado.

Demandouse por parte das asistentes unha II edición do Obradoiro de cara ó vindeiro ano, que está previsto realizalo no mes de Abril do 2009.

Identificación da actividade :	PROXECTO EX-PRESIÓN												
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. 25 NOVEMBRO 2008												
ACTIVIDADE 1:	CREACIÓN DA PÁXINA WEB												
Núm. de horas	40 H.												
ÁREA:	ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO.												
Núm. de participantes													
	Adxuntamos estatísticas de entradas na Web. ANEXOS.												
PÚBLICO OBXECTIVO	POBOACIÓN EN XERAL E XUVENTUDE.												
Descrición do contido da actividade													
<p>Creouse un espazo de consulta anónima para toda a poboación, onde se poida dar resposta por profesionais do CIM: asesoramento xurídico, psicolóxico e de recursos. Un dos obxetivos da WEB é achegar á problemática da violencia de xénero, a poboación máis xoven (15 -30 anos), onde se establecen os primeiros vínculos amorosos e se "aprenden" os patróns de relacións de parella.</p> <p>Outro obxetivo é fomentar a confidencialidade da denuncia e da búsqueda de información, as veces limitado nas poboacións pequenas pola perda de anonimato.</p>													
ACTIVIDADE 2:	PROMOCIÓN DA PÁXINA WEB												
Núm. de horas	40 H.												
ÁREA:	ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO.												
Núm. de participantes													
HOMES	15												
por idade	<18:		18-30:	4	30-40:	8	40-50:	3	> 50:				
MULLERES	18												
por idade	<18:		18-30:	6	30-40:	6	40-50:	4	> 50:	2			
PÚBLICO OBXECTIVO	PROFESIONAIS DE SERVICISO SOCIAIS, CORPOS DE SEGURIDAD, SANIDADE E EDUCACIÓN.												

Descrición do contido da actividade										
<p>Na fase de promoción traballouse para acadar os seguintes obxetivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentar á páxina os profesionais implicados na detección e prevención da violencia de xénero. 2. Crear unha plataforma de coordinación entre os diferentes servizos 3. Fomentar o compromiso da clase política con respecto á violencia de xénero. 4. Fomentar a relación e coordinación en red das asociacións de mulleres cos servizos municipais . <p>Realizáronse diferentes reunións, para presentar o proxecto ós diferentes técnicos, creando un lugar de reflexión e de compartir ideas sobre ó abordaxe da violencia de xénero.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
Da entidade organizadora										
<p>Os contidos desenvolvéronse en función da información máis demandada no CIM, con intención de ir completando a páxina a medida que se vaian detectando necesidades.</p> <p>Acadaróñse os obxetivos da facer unha campaña positiva, liberadora co gallo do 25 de Novembro.</p> <p>A promoción levouse a cabo tanto a nivel local, como a nivel autonómico dando a coñecer a dirección www.ex-presión a tódolos CIMs e outros organismos relacionados coa loita contra a violencia de xénero.</p>										
Do público asistente										
<p>A páxina tivo unha boa acollida entre os profesionais e os técnicos do concello, como dos profesionais dos centros escolares .</p> <p>Destacouse o carácter chamativo, dinámico e positivo da campaña.</p>										
ACTIVIDADE 3:		EX-PRESIÓN A PÉ DE RÚA.								
ÁREA:		SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN.								
Núm. de participantes										
HOMES	45									
por idade	<18:		18-30:	20	30-40:	16	40-50:	2	> 50:	7
MULLERES	57									
por idade	<18:		18-30:	25	30-40:	7	40-50:	15	> 50:	10
PÚBLICO OBXECTIVO	POBOACIÓN EN XERAL									


Descrición do contido da actividade

Animación teatral sobre a igualdade de xénero. Nesta animación diversas personaxes pulularán por entre a xente, creando situacións e implicando os asistentes a participar delas. Concienciando sobre a importancia que ten a loita contra a violencia de xénero, non só un día ó ano, que non todo quede nunha declaración de intencións, senón que se implicarte a sociedade e se poña en práctica na realidade cotián.



www.ex-presion.com



Identificación da actividade	<div style="text-align: right;">  </div> <p style="text-align: center;">EXPOSICIÓN DE PIONEIRAS.</p>								
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DO PEIRAO . SALA DE EXPOSICIÓNS. DO 12 Ó 22 DE NOVEMBRO								
Núm. de horas	Horario: 9:00 a 14:00 , 16:00 a 20:00 horas.								
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO								
Núm. de participantes									
HOMES	21								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
MULLERES	40								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	POBOACIÓN EN XERAL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E ARREDORES.								
Descrición do contido da actividade									
<p>Na Galiza, na terra das “viúvas de vivos e mortos”. Mentres tantos homes galegos exploraban novos horizontes xeográficos na procura do pan, moitas mulleres galegas ficaban a explorar novos horizontes persoais sen se mover da terra, emprendendo aventuras económicas que non estaban incluídas no papel asignado a elas polos roles de xénero da época e que tiveron ás veces grande éxito que perdura na actualidade.</p> <p>A súa memoria foi esquecida ou escurecida, as veces pola época na que viviron, como as que desenvolveron a súa actividade na República ou no franquismo, tamén polos lugares onde desenvolveron o seu traballo ou polo sector no que traballaron. A memoria de todas elas foi escurecida porque conxugaron transgredindo o verbo emprender en feminino, eran mulleres e eran empresarias.</p> <p>Abriron camiño a outras, a moitas mulleres galegas que transitan hoxe o emprendemento, moitas mais, moito máis visíbeis, moito máis recoñecidas pero aínda difícil, aínda transgredindo.</p>									
Valoración da actividade desenvolvida									
da entidade organizadora									
<p>A inauguración da exposición contou con bastante público asistente, e ó longo dos días foron pasando persoas interesadas en coñecer o contido da exposición.</p> <p>A sala era apropiada para a estrutura dos panéis , pero botouse en falta o acompañamento de contidos audiovisuais que axudasen a manter a atención da xente e chegasen a máis público.</p> <p>Incluso se puidesen posteriormente proxectar para os centros educativos para dar a coñecer as biografías destas Pioneiras.</p>									

do público asistente

As persoas consultadas comentaron que o contido da exposición parecíalle de gran interese, e que lles gustaría que aparece tamén algunha muller pioneira do Concello ou dos arredores.

Destacouse tamén o carácter educativo e cultural da iniciativa e apuntouse cara a incorporación de novas tecnoloxías ou dar un carácter máis interactivo a exposición.



Identificación da actividade	CURSO DE ATENCIÓN Á INFANCIA									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE 15 DE SETEMBRO Ó 7 DE NOVEMBRO									
Núm. de horas	200H.									
ÁREA:	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN.									
Núm. de participantes										
HOMES	1									
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	16									
por idade	<18:	1	18-30:	3	30-40:	5	40-50:	4	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES E POBOACIÓN EN XERAL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E ARREDORES.									
Descrición do contido da actividade										
<p>A formación de ATENCIÓN Á INFANCIA é unha das máis demandada na actualidade pola poboación do Concello de Soutomaior, que se achega a solicitar información sobre cursos e accións formativas.</p> <p>O número medio de fillos por muller, é de 1,3; e a poboación menor de 15 anos representa un 15 % do total.</p> <p>A núcleo máis urbano do Concello, Arcade, conta cunha poboación máis nova, e cun gran número de parellas con fillos de curta idade. O perfil destas familias, xeralmente corresponde a que os dous membros da parella traballan fora do fogar, e case sempre fora do Concello de Soutomaior, desprazándose a zonas limítrofes como Pontevedra ou Vigo. Estas características, conforman que un porcentaxe amplo da poboación, empregue Arcade coma "lugar dormitorio", polas súas características máis económicas respecto a vivenda, fronte as grandes cidades. Esta nova situación, abre unha necesidade de "coidados e atención á infancia" por un gran número de familias, que precisan conciliar a vida laboral e familiar.</p> <p>Na actualidade Arcade conta soamente cunha Ludoteca-gardería privada, e está á espera de abrir a gardería pública, polo que os servizos están escasamente cubertos en idades de 0 a 3 anos, e non existe ningunha empresa de "canguros".</p> <p>Por outro lado, a idade media das mulleres do Concello, ronda os 42,5 anos. Un porcentaxe destas mulleres, adicáñse o coidado da casa, da familia e a crianza dos nenos. Cando os fillos medran, e intentan incorporarse o mercado laboral, atópanse con moitas dificultades en case todos os sectores. A atención a infancia, é un campo de interese, onde se sinten con seguridade para desempeñar un bó e eficaz traballo, e poden aplicar todo o aprendido durante anos, nunha experiencia privada e gratuíta. Por iso, precisan dunha formación e profesionalización do servizo, para valorar e integran este traballo na sociedade, como un traballo público e remunerado, que les permita gañar autonomía e independencia; tanto as mulleres que participen das accións formativas, como as que se beneficien dos seus servizos, facilitando así a conciliación.</p>										

O curso de Atención á Infancia , con 200 horas de duración , divide os seus contidos nos seguintes módulos:

Modulo 1. Psicología infantil.

Duración: 40 horas.

Unidades Didácticas:

- Psicología da aprendizaxe.
- O condicionamento.
- O estímulo e o reforzo.
- O castigo: vantaxes e inconvenientes.
- Psicología do comportamento.
- Principios básicos da conducta.
- Técnicas de modificación de conducta.
- Reeducação da conducta infantil.
- Introducción á psicología evolutiva.
- Primeiras interaccións sociais.
- Hábitos básicos de autonomía.

Modulo 2. Organización de actividades de ocio e tempo libre.

Duración: 40 horas.

Unidades Didácticas:

- Pedagogía do ocio e o tempo libre.
- Dinamización e animación de menores.
- Xestión de grupos.
- Programación e deseño de actividades.
- Programación de actividades en función da idade.
- Programación de actividades en función de obxectivos pedagóxicos.
- A autoxestión do ocio.

Modulo 3. Asistencia en comedor, ocio e transporte.

Duración: 25 horas.

Unidades Didácticas:

- Normativa vixente.
- Estrutura organizativa dun centro escolar.
- O rol do monitor de comedor.
- A intervención como educadores.
- Técnicas e recursos para o traballo educativo nun comedor escolar.
- Educación para á saúde e trastornos alimentarios.
- Atención á diversidade.
- Resolución de conflitos: casos prácticos.

Modulo 4. Saúde, alimentación e hixiene.

Duración: 35 horas.

Unidades Didácticas:

- Importancia da hixiene na conservación da saúde.
- Hixiene no/a neno/a maternal e preescolar.

- Formación de hábitos de hixiene na infancia.
- Control da saúde na infancia.
- Prevención de enfermidades.
- Saúde pública e ecoloxía
- Principios básicos sobre nutrición.
- Alimentación na infancia.
- Dietética e alimentación equilibrada.
- Crecemento e desenvolvemento físico.
- O descanso

Modulo 5. Prevención de riscos.

Duración: 35 horas.

Unidades Didácticas:

- Prevención de conductas de risco na infancia e na adolescencia.
- Trastornos da alimentación na infancia e adolescencia.
- Prevención de drogodependencias.
- Habilidades sociais e de comunicación.
- Prevención da violencia.
- Educación afectivo – sexual.
- Educación en valores.

Modulo 6. Igualdade de oportunidades.

Duración: 10 horas.

Unidades Didácticas:

- A igualdade de oportunidades: Conceptos básicos.
- Políticas de Igualdade de Oportunidades.
- A muller no mercado de traballo.
- A violencia e xénero.

Modulo 7. Orientación profesional.

Duración: 15 horas.

Unidades Didácticas:

- A empregabilidade.
- Técnicas de búsqueda de emprego.
- Aspectos formais da relación laboral.

Valoración da actividade desenvolvida

Da entidade organizadora

O curso desenvolveuse nun clima moi positivo, a asistencia e a cohesión do grupo foi moi boa dende o primeiro momento, producíndose tan só dúas baixas, ambas por motivos laborais ó longo do curso.

O curso , cun total de 200 horas lectivas, desenvolveuse en horario de mañá de 9:00 a 14:00 horas, dende o 15 de Setembro o 7 de Novembro.

A actividade pareceunos de gran utilidade, e que unha boa resposta as necesidades formativas detectadas na zona.



Do público asistente

Ó longo do curso , pasáronse dous test de avaliación as alumnas, para que reflexasen o seu sentir sobre o curso. Un deles, pasouse as tres semanas, aproximadamente a metade do curso e outro o último día, e dicir, ó rematar a actividade formativa.

Avaliáronse aspectos relativos o profesorado, ó material aportado, os soportes didácticos, etc,... Por parte do alumnado sinaláronse aspectos a mellorar coma a incorporación de horas prácticas para vindeiros cursos formativos.



Identificación da actividade	CURSO DE IOGA									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. ANUAL.									
Núm. de horas	1 GRUPO DE 3 H. SEMANAIS									
ÁREA:	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. de participantes										
HOMES	3									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	1	40-50:		> 50:	
MULLERES	17									
por idade	<18:	0	18-30:	6	30-40:	4	40-50:	4	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	Mulleres e poboación en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Cursiño básico de técnicas de ioga e relaxación. Traballo con diferentes exercicios físicos, e diferentes exercicios de meditación para desenrolar unha maior conexión entre o nosos corpos e as nosas mentes.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>Actividade que se leva realizando dende hai dous anos , solicitada por un alto número de usuarias como continuidade ó curso iniciado no verán. Moi boa acollida en canto a participantes e satisfacción coa actividade desenvolvida.</p> <p>Aínda terminado o período de inscrición continuaron as solicitudes de participación. A xente amósase moi interesada nesta actividade.</p>										
do público asistente										
<p>Moi boa acollida en canto a participación e satisfacción coa actividade. Valoración moi positiva das sesións organizadas, metodoloxía e profesor. Están moi satisfeitas por poder continuar con esta actividade.</p>										
Custo global da actividade:										

<p>Identificación da actividade</p>	<p>ELABORACIÓN E PUBLICACIÓN DO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.</p> 												
<p>Lugar e datas de realización</p>	<p>2008 -2011</p>												
<p style="text-align: center;">Descrición do contido da actividade</p>													
<p>A elaboración do II plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Soutomaior, ten coma obxectivo fundamental continuar coa labor iniciada do I Plan Municipal de fomentar e sensibilizar a poboación do Concello na loita pola consecución da igualdade real, implantar medidas de conciliación, facer unha abordaxe integral da violencia de xénero e fomentar a dinamización social e a participación cidadá.</p>													
<p style="text-align: center;">Valoración da actividade desenvolvida</p>													
<p>da entidade organizadora</p>													
<p>Ó longo deste primeiro ano 2008 ó CIM realizou un total de 19 actividades repartidas dentro das 5 áreas de Intervención nas que se enmarcan os obxetivos a acadar no II Plan Municipal:</p>  <table border="1" style="margin-left: auto; margin-right: auto;"> <thead> <tr> <th>Área de Intervención</th> <th>Número de Actividades</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR</td> <td>9</td> </tr> <tr> <td>FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN</td> <td>4</td> </tr> <tr> <td>EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN</td> <td>3</td> </tr> <tr> <td>PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO</td> <td>8</td> </tr> <tr> <td>ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO</td> <td>2</td> </tr> </tbody> </table>		Área de Intervención	Número de Actividades	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR	9	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN	4	EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	3	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO	8	ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO	2
Área de Intervención	Número de Actividades												
SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR	9												
FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN	4												
EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	3												
PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO	8												
ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO	2												

